

## REPASO EXAME GALEGO V

1. Indica se as seguintes afirmacións son falsas (F) ou verdadeiras (V) e corríxeas.

a) O texto argumentativo caracterízase por oracións longas e complexas e o uso de conectores.

b) Nos textos expositivos non adoita figurar ningún tecnicismo.

c) A estrutura dos textos narrativos adoita ser a seguinte: nó e desenlace.

d) Xeralmente os textos descritivos están escritos en pretérito.

2. Que tipos de textos narrativos coñeces? Define brevemente cada un e pon exemplos.

3. Explica dous tipos de textos xornalísticos.

4. Escribe unha pequena recensión sobre o filme *Engurras*.

5. Sinala de que tipo é cada un dos seguintes textos e explica por que.

- **Texto 1:** O día anterior ao da nosa marcha mamá chegou á casa con dúas grandes maletas que acababa de mercar. Abriu unha delas e deixouna enriba da cama onde durmiamos Naima e mais eu.  
—Encárgate de facer a vosa maleta. Escolle ben o que vas levar, xa che expliquei que cada maleta non pode levar máis de vinte quilos.  
Nese momento comprendín de verdade o que significaba abandonar o Senegal. Aquela noite derradeira fun incapaz de durmir. Deitada na cama, pensei en todo o que non levaba na maleta, o que non me cabería nela.
- **Texto 2:** Non ía de negro senón cun vestido estampado azul e branco e levaba sobre os ombros un chal da color da prata vella, como prolongación dos cabelos. Fíxome sinal de stop desde a sombra da marquesina e, cando me detiven, asomaron uns ollos de curuxa con gafas de cuncha. Era branca e pequena, de pel engurrada.
- **Texto 3:** A papoula (*Papaver rhoeas*) é unha planta herbácea da familia das papavéraceas, habitual nos campos cultivados con cereais, tamén se atopa nas beiras das estradas e nas praderías. Tamén recibe en galego o nome de mapoula. Trátase dunha planta anual de aparencia fráxil, o talo é moi fino e peludo, pouco ramificado. A súa floración acontece na primavera e no verán, a súa flor é de pétalos vermellos e zume leitoso. Utilizouse tradicionalmente para curar as afeccións do tracto respiratorio como a bronquite ou a tose. A infusión das súas follas tamén se empregou como sedante suave. As súas sementes e empréganse como condimento.
- **Texto 4:** Os 85% dos ecoloxistas afirman que as centrais nucleares rexistran en España diversos fallos de seguridade, algúns deles moi importantes, polo que poñen en risco o medio e a saúde pública. Por exemplo, recordan o peche de Vandellós I (Tarragona) en 1989, a causa do incendio que sufriu esta instalación. Por iso, os ecoloxistas insisten en continuar coa moratoria que impide substituílas por outras centrais novas e avogan polo seu desmantelamento progresivo.